



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento persoal laboral temporal auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a necesidade urxente de contratación de persoal laboral temporal praza de auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto para cubrir dito servizo polo período do 21/04/2021 ata 31/12/2021 polo aumento de carga de traballo como consecuencia da situación epidemiolóxica ocasionada polo coronavirus segundo informe de data 15/04/2021 da Traballadora social do Concello de Boimorto.

Visto o decreto de data 14/01/2018 polo que se aproba a bolsa de traballo de auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e decreto de data 15/04/2021 polo que se aproba a ampliación bolsa de traballo nº II (subsidiaria) auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto, en cuxa situación actual temos candidatos/as con dispoñibilidade inmediata para a contratación, tendo en conta os movementos da bolsa segundo informe de data 15/04/2021 da Técnica local de emprego.

Vista a dispoñibilidade actual orzamentaria para facer fronte aos custes destes traballadores.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto a Sandra Neira Carbajales con DNI XXX3446XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación das bases da convocatoria á presentación pola interesada de certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo, DNI, carnet de conducir, celga 2 ou equivalente, titulación esixida e méritos de concurso.

SEGUNDO.- Facer pública mediante este decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da I bolsa de traballo de auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e ampliación II bolsa de traballo (subsidiaria) de auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto que quedan tal como segue tras a nova contratación:

I BOLSA DE EMPREGO

- 1.- INMACULADA MOURAZOS SANMARTIN.- Contratada
- 2.- MARIA ISABEL GÓMEZ GARCÍA.- Contratada
- 3.- VANESSA CARRIL GARCÍA.- Renuncia. Mantén o mesmo posto na bolsa acreditando contrato PAI.
- 4.- SUSANA SÁNCHEZ GARCÍA.- Contratada

AMPLIACIÓN II BOLSA DE EMPREGO (SUBSIDIARIA)

- 1.- SANDRA NEIRA CARBAJALES (XXX3446XX).- Contratada
- 2.- LILIANA PEREZ VELASQUEZ (XXX3801XX).- Contratada
- 3.- LORENA CABANAS MARÍN (XXX1671XX)
- 4.- LAURA BRA SANCHEZ (XXX3316XX)
- 5.- CRISTINA LISTE PETEIRO (XXX6076XX).- Contratada
- 6.- MARIA LUISA AGUIÓN ANDRADE (XXX8890XX)
- 7.- MARIA ISABEL SUEIRO FERNANDEZ (XXX5862XX)

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta da traballadora na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 21/04/2021 e ata o 31/12/2021.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado.

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ

